



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 20 de xuño de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta minutos do día vinte de xuño de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(647).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta ratifica a urxencia da sesión.

**2(648).- PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE APLICACIÓNS EXTERNAS-ESTATÍSTICA. EXPTE. 8440/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/06/18, dáse conta do informe-proposta asinado con data 13/06/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

## 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>
1	T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., o día 29 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 11 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.



**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 12 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., segundo os acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 101.621,85 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.636,85 euros, composto polos seguintes prezos:*

*1. O prezo do contrato relativo ao mantemento do software é de 29.029,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.038,24 euros.*

*2. O prezo do contrato relativo á asistencia técnica é de 72.591,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.598,61 euros.*

b) *Propón un prezo hora de prestación de asistencia e asesoramento técnico de 88,66 euros (IVE incluído).*

c) *Comprométese a efectuar 10 horas ao ano de prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custo para o Concello.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(649).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DE APLICACIÓNS EXTERNAS-RR HH-NÓMINAS. EXPTE. 8470/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/06/18, dáse conta do informe-proposta asinado con data 11/06/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 11 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113)



## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>
1	SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP (“o licitador deberá acreditar a propiedade do código fonte da aplicación Ginpix7”).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA, o día 4 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 6 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA, segundo os acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 100.052,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.364,40 euros, composto polos seguintes prezos:*
  - 1. *O prezo do contrato relativo ao mantemento do software é de 50.500 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.764,46 euros.*
  - 2. *O prezo do contrato relativo á asistencia técnica é de 49.552,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.599,93 euros.*
- b) *Propón un prezo hora de prestación de asistencia e asesoramento técnico de 81,25 euros sen IVE.*
- c) *Non se compromete a efectuar horas ao ano de prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custo para o Concello.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*



**Concello de Vigo**

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(650).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. ATLÁNTIDA. EXPTE. 5105/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/06/18, dáse conta do informe-proposta asinado con data 11/06/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 11 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440)

ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 19 de febreiro de 2018, polo que non se admitiu a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. neste procedemento por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas sen que se tivese constancia do anuncio de remisión da oferta no mesmo día da súa presentación na oficina de Correos, como esixe o artigo 80.4 do Real*

decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIÓNS FECHI, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	NAROM, S.L.	92,70
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,44
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	92,16
4	CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	92,08
5	ORESA, S.L.	91,92
6	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI, S.L.)	89,60
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	89,44
8	COPCISA, S.A.	88,80
9	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)	87,98
10	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTILLA, S.L.	87,38
11	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	86,76
12	ELSAMEX, S.A.	86,75
13	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES COVELO - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	85,83
14	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	80,00

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.009,84 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.





## Concello de Vigo

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., o día 30 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 6 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAROM, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 24 de abril e 14 de maio de 2018 respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NAROM, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440) por un prezo total de 352.328,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 61.147,97 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(651).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA PRODUCCIÓN TÉCNICA LOCAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2018” NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS. EXPTE. 7428/335.**

Visto o informe de fiscalización de data 20/06/18, dáse conta do informe-proposta do 20/06/18, da secretaria da Mesa de Contratación:

#### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2018” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2018” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de xuño de 2018, dos licitadores que deseguido se relacionan polo motivo recollido na cláusula 14.4A do PCAP (“A incorporación a este sobre [B] dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”):*

1. GLOBAL SETUP S.L.
2. U.T.E. CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. - ELVIRA ZAPATA VILA



**Concello de Vigo**

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2018” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335) na seguinte orde decrecente:*

<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
FLUGE GALICIA, S.L.	82

*Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (150.2 da LCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, S.L., o día 18 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 18 de xuño, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, resultando incompleta polo que acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a FLUGE GALICIA, S.L. para que completase a documentación.

Con data do 19 e 20 de xuño a citada empresa presentou nova documentación, que foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 20 de xuño. Sendo correcta a documentación a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FLUGE GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FLUGE GALICIA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor do 13 de xuño de 2018 e os acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 15 de xuño.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FLUGE GALICIA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2018” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 347.945,59 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 60.387,25 euros*
- b) Propón unha porcentaxe de desconto do 4,35% a aplicar aos prezos unitarios sinalados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP*
- c) O persoal técnico a adscribir á execución do contrato ten a seguinte experiencia:*
  - Responsable de coordinación/xefe de emerxencias: 10 anos de experiencia laboral*
  - Responsable de backstage (state manager)/xefe de intervención: 12 anos de experiencia laboral*
  - Xefe de emerxencias e coordinador de auxiliares de organización e porteiros: 7 anos de experiencia laboral*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**6(652).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPORADA NAS PRAIAS: QUIOSCOS DO CONCELLO DE VIGO 2018. LOTES 1 E 2. EXPTE. 13046/306.**

Visto o informe de fiscalización de data 18/06/18, dáse conta do informe-proposta asinado con data 18/06/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 18 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas e o seu regulamento
- Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Entidades Locais
- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas
- Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de Costas
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento Adxudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306)

ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a adxudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306) na seguinte orde descendente:*

*- Lote 1 areal da Punta (A Guía):*

	<b>Licitadores</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
1	ALBERTO LAGO CHAPELA	100,00
2	IVÁN MARTÍN BARCIELA	88,05

*- Lote 2 areal do Vao:*

	<b>Licitadores</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
1	RICARDO SANTIAGO DAPONTE	100,00
2	MANUEL LAGO CHAPELA	98,06

*Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ALBERTO LAGO CHAPELA e RICARDO SANTIAGO DAPONTE, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (150.2 da LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 5 e 10 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 11 do PCAP (1.200 euros por lote) e, só para o lote 2, resgardo do depósito a disposición do xefe do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra (1.125 euros).*

*Terceiro.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 192,20 euros (96,10 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, D. ALBERTO LAGO CHAPELA e D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE, o día 11 de xuño de 2018, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido, o 15 e 14 de xuño de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



**Concello de Vigo**

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar D. ALBERTO LAGO CHAPELA (lote 1) e D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por D. ALBERTO LAGO CHAPELA (lote 1) e D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lote 2), de conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 7 de xuño de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- *“Autorizar a D. ALBERTO LAGO CHAPELA para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018, concretamente o lote 1 areal da Punta (A Guía) cun canon de 1.022 euros.*
- *Autorizar a D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018, concretamente o lote 2 areal do Vao cun canon de 4.203,33 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(653).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE ALZADA PRESENTADOS NO PROCESO SELECTIVO DE 18 PRAZAS POLICÍA LOCAL, QUENDA LIBRE OEP 2010/2011. EXPTE. 29539/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 19/06/18, do xefe de área de Seguridade e Mobilidade e secretario do proceso selectivo referido, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

Primeiro.- A modo de instancias presentadas no Rexistro Xeral en relación ao expediente 29539-220 de execución da oferta de emprego público 2010-2011, en canto ás prazas de Policía Local, turno de acceso libre, os aspirantes que figuran a continuación presentan recursos dealzada contra a resolución do órgano de selección sobre alegacións presentadas en relación á celebración do primeiro exercicio da oposición tipo test, publicada aquela na web municipal o 09 de febreiro de 2018 seguida da publicación das correccións e nova calificación global do exercicio o 13 de febreiro seguinte:

- 1.D. Alejandro Pérez Álvarez (doc. 180023042, de 12 de febreiro).
- 2.D. Luis Alonso Simón (doc. 180023831, de 12 de febreiro).
- 3.D<sup>a</sup>. Úrsula Comesaña Ambrosio (doc. 180023207 de 12 de febreiro).
- 4.D. Adrián Caramés Lage (doc. 180023821 de 12 de febreiro).
- 5.D. Borja Herrera Sousa (doc. 180023586 de 13 de febreiro).
- 6.D. Pablo Alonso Quiñones (doc. 180023882 de 13 de febreiro).
- 7.D. Abraham Roca Barcia (doc. 180026021 de 16 de febreiro).
- 8.D. Jaime Fandiño Prieto (doc. 180030297 de 23 de febreiro).
- 9.D. Damián Areal Lago (doc. 180030297 de 26 de febreiro).

Segundo.- O 27 de marzo de 2018 o órgano de selección publicou anuncio da interposición dos mencionados recursos, e conseguinte apertura dun prazo de dez días para audiencia dos interesados (arts. 4.1 b e 118.2 da Lei 39/15 de PAC das AAPP).

No citado trámite teñen presentado alegacións D<sup>a</sup>. Patricia Fontela Gómez (doc.





## Concello de Vigo

180051634), D<sup>a</sup> Tamara Bastos Salorio (doc. 180049358) e D<sup>o</sup>. Abel J. Martínez Troitiño (doc.).

Terceiro.- D<sup>a</sup> Úrsula Comesaña Ambrosio e D. Abraham Roca Barcia resultaron excluídos do procedemento selectivo ao non superar a terceira proba do procedemento selectivo (probas de aptitude física) celebradas os días 15 e 16 de marzo.

Cuarto.- Sesións de estudo e decisión.

En sesións de 24 e 25 de abril e de 8 e 9 de maio, o órgano de selección procedeu ao estudo dos motivos deducidos dos recursos presentados polos interesados.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Da lexitimación (art. 116 Lei 39/15).

Os recursos interpostos o son por persoas interesadas no procedemento.

Non obstante o anterior no caso de D. Abraham Roca Barcia e D<sup>a</sup> Úrsula Comesaña Ambrosio imponse a inadmisión dos seus recursos por perda sobrevida da condición de interesado ao resultar excluídos do procedemento selectivo por non ter superado a terceira proba do mesmo, de xeito que ningún dereito ou interese lexítimo xustifica o seu mantemento. Dito doutro xeito, as pretensións oportunamente deducidas -no seu momento- polos mencionados non implican actualmente, de xeito inmediato e directo, a obtención dun beneficio ou a desaparición dun prexuízo actual ou futuro, pero en todo caso certo -non meramente hipotético ou potencial- na súa esfera persoal, da resolución que postularon do órgano competente para resolver o recurso.

Segundo.- Dos motivos de oposición dos recursos admisibles. Trámite de audiencia e informe do órgano de selección.

2.1.- Recurso de D. Alejandro Pérez Álvarez.

2.1.1 Pregunta: 7

- O enunciado da pregunta era o seguinte:

7. La iniciativa legislativa popular no se puede llevar a cabo con:

- a) Las materias excluidas con lo establecido en el art 87.3 de la Constitución Española
- b) Materia Tributaria
- c) Materia Internacional
- d) Las dos respuestas anteriores son correctas

MOTIVO DO RECURSO

A opción a) non resulta clara respecto do esixido no enunciado, mentres que a opción d) cita expresamente materias si excluídas.

#### PRETENSIÓN

Que se teña por válida a opción d), ou subsidiariamente que se anule.

#### AUDIENCIA DOS INTERESADOS

Os argumentos e pretensións resultan coincidentes co motivo do recurso. Apártase do motivo D<sup>a</sup> Tamara Bastos interesando a súa desestimación con base nas decisións do órgano recorridas.

#### INFORME DO ORGÁNIO DE SELECCIÓN

O órgano de selección a efectos da corrección do exercicio considerou correcta a resposta sinalada como opción d). Logo, á vista das alegacións formuladas oportunamente polos interesados, estimando os argumentos que invocaron a mera validez aparente de dúas respostas, as opcións d) e a), resultando preferente esta última conforme aos principios de mérito e capacidade por resultar máis completa decidiu que a resposta correcta era a opción a).

A opción a) comprende claramente todas as materias constitucionalmente vedadas á lei orgánica.

#### PROPOSTA DO ÓRGANIO DE SELECCIÓN

Desestimación do motivo.

##### 2.1.2- Pregunta 9

O enunciado da pregunta era o seguinte:

9. En base a la Ley 39/2015 de 1 octubre ¿Qué recursos son susceptibles de interponerse contra actos de trámite que decidan directa o indirectamente sobre el fondo del asunto?

- a) El recurso de alzada o el potestativo de revisión
- b) El recurso de alzada o el potestativo de reposición
- c) El recurso de alzada exclusivamente
- d) Todas las respuestas anteriores son falsas.

#### MOTIVO DO RECURSO

Infracción do art.112.1 da Lei 39/2015 do PAC.

#### PRETENSIÓN

Que sexa considerada correcta a resposta indicada como opción b). Subsidiariamente se interesa a súa anulación.



**Concello de Vigo**

#### AUDIENCIA DOS INTERESADOS

Os argumentos e pretensiones resultan coincidentes co motivo do recurso. Apártase do motivo D<sup>a</sup> Tamara Bastos interesando a súa desestimación sobre a base do resolto polo órgano de selección.

#### INFORME DO TRIBUNAL

Con toda evidencia, o art. 112.1 outorga os recursos de alzada e potestativo de reposición, polo que se confirma a validez da opción d) sinalada polo tribunal.

#### PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.

Desestimación do motivo.

##### 2.1.3 Pregunta 24

O enunciado da pregunta era o seguinte:

24. ¿Quién sancionará y promulgará las leyes aprobadas en el territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia, conforme a lo que establece su Estatuto?:

- a) El Rey a propuesta del Presidente de la Xunta.
- b) El Presidente de la Xunta en nombre del Rey y solo las promulgará.
- c) El Presidente de la Xunta en nombre del Rey y solo las sancionará.
- d) Ninguna de las respuestas anteriores es correcta.**

#### MOTIVO DO RECURSO

Con cita do art. 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia que establece a función do Presidente da Xunta de Galicia de promulgación das leis do seu Parlamento, considera que o emprego do adverbio “solo” da opción b) outorga a esta plena concordancia co disposto naquel precepto.

#### PRETENSIÓN

Que se teña por resposta correcta a opción b).

#### AUDIENCIA DOS INTERESADOS

Os argumentos e pretensiones resultan coincidentes co motivo do recurso. Apártase do motivo D<sup>a</sup> Tamara Bastos interesando a súa desestimación sobre a base do resolto polo órgano de selección.

#### INFORME DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

A opción b) figuraba como resposta correcta na publicación inicial do exercicio correxido.

En trámite de alegacións dos interesados, atendendo ao argumento empregado por algúns destes relativo a contradición entre a opción b) e o enunciado da pregunta, se modificou a resposta válida en favor da opción d).

Pero ese cambio de criterio semella non estar adecuadamente xustificado. Isto porque o sentido capcioso ou falaz do enunciado (¿Quién sancionará y promulgará...) queda efectivamente enervado co emprego do adverbio “solo” da opción b), que entón se adecua plenamente ás previsións estatutarias.

#### PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

Estimar o motivo, e en consecuencia ter por resposta correcta a opción b).

##### 2.1.4 Pregunta 25

O enunciado da pregunta era o seguinte:

25. Cuando se vaya a celebrar una reunión en un lugar público:

- a) Necesitará comunicación previa.
- b) Tendrá que comunicarse previamente en todo caso.
- c) Para que se prohíba la misma necesitarán resolución judicial en todo caso.
- d) Ninguna de las anteriores es correcta.

#### MOTIVO DO RECURSO

O recurrente estima que a locución “de tránsito público” empregada polo art. 21 da Constitución e o art. 8 da Lei orgánica 9/83 reguladora do dereito de reunión non expresa ou identifica una situación material idéntica á empregada no enunciado da pregunta, que se refire expresamente a un “lugar público”.

#### PRETENSIÓN

Que se teña por resposta correcta a opción d).

#### AUDIENCIA DOS INTERESADOS

Os argumentos e pretensiones resultan coincidentes co motivo do recurso. Apártase do motivo D<sup>a</sup> Tamara Bastos interesando a súa desestimación sobre a base do resolto polo órgano de selección.

#### INFORME DO TRIBUNAL

O tribunal aos efectos da corrección do exercicio indicou como válida a resposta d). Logo, á vista das alegacións formuladas por D. Alejandro Acuña Solla e outros, estimou correcta a opción b).

Este cambio de criterio se sustenta na regulación legal do dereito de reunión (arts. 1.2, 2 e 8 todos da L.O. 9/83), da que con toda evidencia dedúcese que o concepto “de tránsito público” en canto elemento obxectivo do dereito responde á idea de lugar público, isto é, de sitio accesible a todos ou, dito doutro xeito, destinado ao público entendido como conjun-



**Concello de Vigo**

to de persoas que forman unha colectividade, por oposición aos locais ou establecementos (públicos e privados) e aos espazos abertos de uso restrinxido.

#### PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

Desestimación do motivo.

##### 2.1.5 Pregunta 79

O enunciado da pregunta era o seguinte:

79. Las pruebas de contraste por análisis de sangre, para la detección de alcohol en un conductor:

- a) Se llevarán a cabo a petición del interesado.
- b) Se realizarán a petición de la Autoridad Judicial.
- c) Por decisión del Agente que interviene en la realización de las pruebas.
- d) Todas las respuestas son correctas.

#### MOTIVO DO RECURSO

Infracción do Art. 14.5 do RD lei 6/15 do 30 de Outubro.

#### PRETENSIÓN

Que se teña por resposta correcta a opción a).

#### AUDIENCIA DOS INTERESADOS.

Os argumentos e pretensiones resultan coincidentes co motivo do recurso.

Apártase do motivo D<sup>a</sup> Tamara Bastos interesando a súa desestimación sobre a base do resolto polo órgano de selección.

#### INFORME DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.

A opción a) figuraba como a resposta correcta na publicación inicial do exercicio correxido. Logo, á vista das alegacións oportunamente presentadas polos interesados o órgano de selección acolle a causa de nulidade por concurrencia de dúas respostas válidas representadas polas opcións a) e b) con fundamento expreso no art. 22 do Regulamento Xeral de Circulación.

Pero ese cambio de criterio semella non estar adecuadamente xustificado en dereito. En efecto, o recorrente denuncia con pleno acerto que a norma de rango superior unicamente faculta a realización da proba de contraste en sangue ao interesado, e dito criterio resulta corroborado polo art. 796.7º da Ley de Axuizamento Criminal.

A derogación do disposto no Regulamento Xeral de Circulación é un impertivo derivado do principio de xerarquía normativa confirmado pola necesidade de interpretación das normas segundo os seus antecedentes legislativos.

#### PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.

Estimación do motivo.

##### 2.1.6 Pregunta 95

O enunciado da pregunta era o seguinte:

95. En la comunicación se distinguen dos partes o entidades que se relacionan, siendo los dos primeros elementos del proceso o acto de comunicación:

- a) El emisor y el receptor.
- b) El micrófono y el audímetro.
- c) El mensaje y el descifrado.
- d) El mensaje y el código.

#### MOTIVO DO RECURSO

Con cita da definición atribuída a Lázaro Carreter sobre a comunicación como acto no cal “un individuo establece con outro u outros un contacto” e no que distínguese dúas partes ou entidades que se interrelacionan, véñse en soste sin máis que ditas partes son os primeiros elementos da comunicación.

#### PRETENSIÓN

Interesa que se teña por correcta a resposta sinalada como opción a).

#### AUDIENCIA DOS INTERESADOS

Os argumentos e pretensiones resultan coincidentes co motivo do recurso. Apártase do motivo D<sup>a</sup> Tamara Bastos interesando a súa desestimación sobre a base do resolto polo órgano de selección.

#### INFORME DO TRIBUNAL

O tribunal aos efectos da corrección do exercicio indicou como válida a resposta d). Logo, á vista das alegacións formuladas por D. Jaime Prieto Fandiño, estimou correcta a opción b). E ese novo criterio ten que manterse en todo caso. O enunciado da pregunta se refire en primeiro lugar ás partes que se relacionan, emisor e receptor, e no inciso segundo aos elementos do acto ou proceso comunicativo.

#### PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

Desestimación do motivo.

#### 2.2 Recurso de D. Luis Alonso Simón.

Este recurso ten por obxecto as preguntas números 9, 24 e 25. Baixo unha argumentación reitor sustancialmente idéntica á do recurso interposto por D. Alejandro Pérez Álvarez, e con idéntica pretensión se dan aquí por reproducidos os argumentos que conduciron á estimación do motivo sobre a pregunta 24, e a desestimación dos relativos ás preguntas 9 e 25.



**Concello de Vigo**

## 2.3 Recurso de D. Adrián Caramés Lage

2.3.1 Este recurso ten por obxecto as preguntas números 7,9,24,25,70,95 e 102. Baixo unha argumentación reitora sustancialmente idéntica á do recurso interposto por D. Alejandro Pérez Álvarez, e con idéntica pretensión se dan aquí por reproducidos os argumentos que conduciron á estimación do motivo sobre a pregunta 24, e a desestimación dos relativos ás preguntas 7,9,25 e 95.

### 2.3.2 Pregunta 70

O enunciado da pregunta era o seguinte:

70. El atestado viene definido en:

- a) Art. 297 Lecrm.
- b) Art. 296 Lecrm
- c) Art. 298 Lecrm
- d) Ninguna de las opciones anteriores es correcta.

#### MOTIVO DO RECURSO

Considera o recurrente que do art. 297 da LECr non se desprende unha definición do atestado simplemente se apunta que se consideran denuncias.

#### PRETENSIÓN

Que se manteña como correcta a resposta ofrecida como opción d).

#### TRÁMITE DE AUDIENCIA

Os argumentos e pretensiones resultan coincidentes co motivo do recurso. Apártase do motivo D<sup>a</sup> Tamara Bastos interesando a súa desestimación sobre a base do resolto polo órgano de selección.

#### INFORME DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

O tribunal aos efectos da corrección do exercicio indicou como válida a resposta d). Logo, á vista das alegacións oportunamente formuladas polos intrerresados, estimou correcta a opción b). E ese novo criterio ten que manterse en todo caso. En efecto, o art. 297 da L.E.Cr. define o atestado, isto é, fixa con claridade, exactitude e precisión a súa natureza de denuncia.

## PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.

Desestimación do motivo.

### 2.3.3 Pregunta 102

O enunciado da pregunta era o seguinte:

102. El art. 1 de la Ley de Responsabilidad Civil y Seguro en la Circulación de vehículos a motor, dice en su art. 1 que:

a) El propietario del vehículo a motor es responsable, de los daños causados a las personas o en los bienes con motivo de la circulación.

b) El titular del vehículo a motor es responsable, de los daños causados a las personas o en los bienes con motivo de la circulación.

c) El tomador del seguro del vehículo a motor es responsable, de los daños causados a las personas o en los bienes con motivo de la circulación.

d) El conductor del vehículo a motor es responsable, de los daños causados a las personas o en los bienes con motivo de la circulación.

## MOTIVO DO RECURSO

Con cita do art. 1 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor considera que son correctas as respostas ofrecidas como opcións a) e d).

## PRETENSIÓN

Se interesa a anulación da pregunta coa obrigatoria substitución pola correspondente de reserva.

## TRÁMITE DE AUDIENCIA

Os argumentos e pretensiones resultan coincidentes co motivo do recurso. Apártase do motivo D<sup>a</sup> Tamara Bastos interesando a súa desestimación sobre a base do resolto polo órgano de selección.

## INFORME DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

Con toda evidencia a responsabilidade do titular non conductor se limita legalmente aos supostos de vinculación deste co conductor en algunha das relacións previstas no art. 1903 do Código Civil.

## PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN





**Concello de Vigo**

Desestimación do motivo.

#### 2.4 RECURSO DE D. BORJA HERRERA SOUSA.

Este recurso ten por obxecto as preguntas números 7,9,24,25,70 e 95. Baixo unha argumentación reitor sustancialmente idéntica á do recurso interposto por D. Adrián Caramés Lage, e con idéntica pretensión se dan aquí por reproducidos os argumentos que conduciron á estimación do motivo sobre a pregunta 24, e a desestimación dos relativos ás preguntas 7,9,25,70 e 95.

#### 2.5 RECURSO DE D. PABLO ALONSO QUIÑONES.

Este recurso ten por obxecto as preguntas números 7,9,24,25. Baixo unha argumentación reitor sustancialmente idéntica á do recurso interposto por D. Adrián Caramés Lage, e con idéntica pretensión se dan aquí por reproducidos os argumentos que conduciron á estimación do motivo sobre a pregunta 24, e a desestimación dos relativos ás preguntas 7,9,24 e 25.

#### 2.6 RECURSO DE D. JAIME FANDIÑO PRIETO.

Este recurso ten por obxecto as preguntas números 7,9,24,25 e 70. Baixo unha argumentación reitor sustancialmente idéntica á do recurso interposto por D. Adrián Caramés Lage, e con idéntica pretensión se dan aquí por reproducidos os argumentos que conduciron á estimación do motivo sobre a pregunta 24, e a desestimación dos relativos ás preguntas 7,9,24, 25 e 70.

#### 2.7 RECURSO DE D. DAMIÁN AREAL LAGO

Este recurso ten por obxecto as preguntas números 25 e 70. Baixo unha argumentación reitor sustancialmente idéntica á do recurso interposto por D. Adrián Caramés Lage, e con idéntica pretensión se dan aquí por reproducidos os argumentos que conduciron á desestimación daquel.

Terceiro.- Acumulación.

Dada a esencial identidade e íntima conexión dos motivos e das pretensións deducidas polos interesados en relación ao mesmo acto de trámite cualificado recorrido, imponse a necesidade da súa tramitación e resolución conxunta.

#### PROPOSTA

En mérito de canto antecede, en uso das atribucións que para a evacuación de informes sobre a interposición de recursos atribuen as bases da convocatoria ao Secretario

do órgano de selección, veño en elevar á Xunta de Goberno Local a través da Área de RRHH a seguinte proposta de

#### ACORDO

Primeiro.- Estimar os recursos de alzada interpostos por D. Alejandro Pérez Álvarez, D. Luis Alonso Simón, D. Adrián Caramés Lage, D. Borja Herrera Sousa e D. Jaime Prieto Fandiño contra a resolución do órgano de selección sobre alegacións presentadas en relación á celebración do primeiro exercicio da oposición tipo test, publicada aquela na web municipal o 09 de febreiro de 2018 seguida da publicación das correccións e nova calificación global do exercicio o 13 de febreiro seguinte, no particular relativo á pregunta 24 cuxa resposta anulamos e, na súa virtude, con acollida do motivo invocado polos recorrentes declaramos que a resposta correcta pasa a ser a proposta como opción b).

Segundo.- Estimar o recurso de alzada interposto por D. Alejandro Pérez Álvarez contra a resolución do órgano de selección sobre alegacións presentadas en relación á celebración do primeiro exercicio da oposición tipo test, publicada aquela na web municipal o 09 de febreiro de 2018 seguida da publicación das correccións e nova calificación global do exercicio o 13 de febreiro seguinte, no particular relativo á pregunta 79 cuxa resposta anulamos e, na súa virtude, con acollida do motivo invocado polo recorrente declaramos que a resposta correcta pasa a ser a proposta como opción a).

Terceiro.- Desestimar os recursos de alzada interpostos por D. Alejandro Pérez Álvarez, D. Luis Alonso Simón, D. Adrián Caramés Lage, Pablo Alonso Quiñones, D. Borja Herrera Sousa, D. Jaime Prieto Fandiño e D. Damián Areal Lago contra a resolución do órgano de selección sobre alegacións presentadas en relación á celebración do primeiro exercicio da oposición tipo test, publicada aquela na web municipal o 09 de febreiro de 2018 seguida da publicación das correccións e nova calificación global do exercicio o 13 de febreiro seguinte, nos particulares relativos ás pregunta 7, 9, 25, 70, 95 e 102.

Cuarto.- Inadmitir o recurso interposto por D<sup>a</sup>. Úrsula Comesaña Ambrosio e D. Abraham Roca Barcia, por perda sobrevida da condición de interesados no procedemento selectivo.

#### RECURSO

A presente resolución pon fin á vía administrativa, e contra a mesma cabe recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo, que se deberá interpoñer no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao de notificación da presente resolución, sen prexuízo da interposición de calesquera outros que os interesados estimen pertinentes en Dereito.

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**8(654).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO 2018-2020. EXPTE. 7087/104.**

Visto o informe de fiscalización de data 20/06/18, dáse conta do informe-proposta do 20/06/18, da secretaria da Mesa de Contratación:

“b) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104) na seguinte orde descendente:*

<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.	79

**Segundo.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (150.2 da LCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida na cláusula 8.4.4º do prego.*

S.extr.urx. 20/06/18

- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., o día 15 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 18 de xuño, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, resultando incompleta polo que acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. para que completase a documentación.

Con data do 20 de xuño a citada empresa presentou nova documentación, que foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do mesmo día. Sendo correcta a documentación a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., de acordo cos informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 8 de xuño de 2018 e dos acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 12 de xuño.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



## Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 3.253.154 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 564.597 euros.*
- b) *Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de Londres:*
  - *1.800 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
- c) *Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de París:*
  - *1.800 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
  - *9.300 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
  - *9.300 prazas para o ano 2020 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
- d) *Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de Sevilla:*
  - *4.400 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
  - *4.400 prazas para o ano 2020 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
- e) *Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de Valencia:*
  - *4.200 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
  - *13.000 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
  - *13.100 prazas para o ano 2020 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Cayetano Rodríguez Escudero.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez